

# ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DO DEPARTAMENTO DE ENXEÑERÍA CIVIL

LUGAR: Salón de Actos da Escola Técnica Superior de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos

DATA: 28 de xuño de 2021

HORA DE COMEZO: 10:30 h

HORA DE REMATE: 11:30 h

## **ASISTENTES:**

Julia Álvarez García  
Luis Omar Álvarez Mures  
José Anta Álvarez  
Víctor Barrientos Rodríguez  
Luis Cea Gómez  
Jorge José Delgado Martín  
Jesús Fernández Ruíz  
María Belén González Fonteboa  
Juan Alfredo Jácome Burgos  
Ricardo Antonio Juncosa Rivera  
María Isabel Martínez Lage  
María Rocío Mihura López  
Luis Montenegro Pérez  
Acacia Naves García-Rendueles  
Margarita Novales Ordax  
Alfonso Orro Arcay

Francisco Padilla Benítez  
Luis Pena Mosquera  
Enrique Peña González  
Juan Luis Pérez Ordoñez  
Francisco Javier Samper Calvete  
José Sande González-Cela  
Gumersinda Seara Paz  
José Antonio Seoane Nolasco  
Joaquín Suárez López  
Francisco Javier Taibo Pena  
Francisco Alberto Varela García  
Ana María Vázquez González  
Arturo Antón Casado  
Julia Vázquez González

## **ESCUSAN A SÚA AUSENCIA:**

Juan Acinas García  
Viviana Barneche Naya  
Alfredo Del Caño Gochi  
M<sup>a</sup> Pilar Cruz López  
Fátima Davite Aguiar  
Ángel José Fariña Lamosa

Guillermo Franganillo Parrado  
Luis Antonio Hernández Ibáñez  
Fernando Martínez Abella  
María José Mijares Coto  
Ignacio Pérez Pérez  
Ana María Rodríguez Pasandín

Preside a Sesión o Sr Francisco Alberto Varela García, director do Departamento. Actúa como secretario o Sr. Jose Anta Álvarez.

## **ORDE DO DÍA**

### **1. Lectura e aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores**

O secretario presenta para a súa aprobación as actas das sesións anteriores, a da reunión ordinaria do 19 de abril de 2020 e das extraordinarias do 29 de abril e 21 de maio do 2020. Apróbanse as actas por asentimento.

### **2. Informe da dirección**

#### *Asuntos de trámite*

O director informa da situación das dúas prazas solicitadas en maio, que se atopan en proceso administrativo. O tribunal da praza solicitada por procedemento de urxencia constituírase na primeira semana de xullo.

O director informa que se enviou a documentación relativa á solicitude de dúas bolsas de colaboración no departamento ao SAPE.

O director informa que despois do recente nomeamento, estase adaptando ás novas de tarefas de xestión cotiás propias do departamento (xestión das solicitudes de persoal, uso do portafirmas, etc). Tamén informa que se realizaron uns pequenos gastos de oficina (tónor para a impresora da UADI, pequeno material de oficina).

#### *Profesorado*

O director informa que con data 31 de maio o profesor Joaquín Suárez cesa como director da Cátedra Emalcsa-UDC, ao cal lle transmite o seu agradecemento e felicitacións polo traballo desenvolvido para a creación e inicio desta Cátedra, así como as actividades realizadas durante a súa etapa como director da mesma. O novo director é o profesor Moisés Canle, co que xa se mantivo unha reunión para transmitirle o interese do departamento de seguir traballando coa cátedra. Tamén se informa da cerimonia de entrega dos primeiros premios desta cátedra, celebrada o 7 de xuño, na cal se premiou a un alumno da Escola de Camiños e dun Máster no que imparte docencia o departamento.

O director informa que o profesor Ignacio Pérez acadou a acreditación de Catedrático e transmítelle os seus parabéns. Tamén reciben as felicitacións do director os profesores Luis Montenegro e Alfonso Orro pola consecución dun novo tramo de sexenio de investigación. No caso do profesor Luis Montenegro o sexenio permitirá a redución da súa dedicación docente para o próximo curso 2022/2023, pero non para o 2021/2022 debido a normativa actual na consideración deste tipo de mérito, polo que se lle transmitirá ao reiterado o noso desacordo con esta medida.

### *Actividades de xestión do departamento*

O director informa que se presentou ao Consello de Goberno para buscar a visibilidade do departamento neste órgano Colexiado da UDC. Aínda que non saíu elixido, indica que durante o proceso se acadaron novos contactos con outros directores e directoras de departamentos e centro, que esperamos potenciar nos seguintes meses.

Con respecto á representación en órganos Colexiados, o director indica que o seu parecer, o departamento debería ter una representación formal nalgúns órganos Colexiados da ETSECCP. Na actualidade non é posible polos regulamentos do centro, pero pensa transmitir esta reflexión coa dirección do mesmo.

O director informa tamén que na Xunta de Centro do día 15 de xuño da Escola de Camiños informouse sobre a creación dunha Comisión para a preparación do novo Máster en Xestión Sostible e Avanzada da Auga na que solicitou que o departamento estivese representado, pero non se viu a necesidade na Xunta de Centro, aínda que si se valorou a incorporación dun representante da área de Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría, ademais das áreas de Enxeñería hidráulica, Enxeñería do terreo e Tecnoloxías do medio ambiente, polo que o departamento estará moi presente nese Máster.

Por outra banda, na Xunta de Centro do día 21 de maio da Escola de Camiños informouse da xubilación do profesor Carlos Nárdiz, do departamento de Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición. Na xunta propúxose que as materias de urbanismo se impartisen desde o noso departamento, para potenciar e impulsar o urbanismo que se realiza desde unha perspectiva máis próxima a Enxeñería Civil. Na xunta de centro acordouse que non era conveniente realizar esta proposta este curso académico, pero o director analizará xunto coa dirección do centro que algunha das materias se podan impartir por algunha das áreas afíns do departamento, como Tecnoloxías do Medio Ambiente ou Enxeñería dos Transportes, entre outras durante o curso 2022-23.

O director informa que se está a coordinar cos directores das Escolas de Arquitectura, Arquitectura técnica, e coa directora da Escola de Camiños para establecer unha vinculación entre os centros que permita un intercambio de información e recursos. O director recorda que se enviou un correo electrónico con información sobre unha iniciativa de colaboración e promoción cos sectores industriais galegos do granito, pizarra e madeira e que o día 30 de xuño se celebrará a primeira reunión a que convida asistir aos membros do departamento interesados.

Por último o director informa que se seguirán realizando actividades de difusión do traballo do departamento e de creación de redes con outros departamentos, escolas e institucións.

Non hai comentarios ao informe do director.

### **3. Renovación da petición da profesora Cristina Vázquez Herrero dun permiso non retribuído con reserva de praza**

O director informa que a profesora Cristina Vázquez solicitou o curso pasado o permiso non retribuído e que a normativa permite prorrogar o mesmo durante un curso máis (2021-22). A petición apróbase por asentimento.

#### **4. POD curso 2021/2022**

Antes de proceder á exposición das propostas enviadas polas distintas áreas ou grupos, o director comunica os seguintes aspectos:

- O procedemento de comunicación da información do POD ao departamento, realizáronse algunhas pequenas modificacións nas follas de cálculo empregadas ata este curso. Para o próximo ano realizaranse algunhas modificacións de máis calado para facilitar a análise de datos agregados por áreas ou polo departamento. O director trasladou ao claustro a necesidade de dispor de datos agregados nos distintos departamentos da UDC, para poder facer análise comparativos e estatísticas. Estase en contacto co SEINFE para ver se estas accións se poden desenvolver.
- Debido ao pouco tempo dispoñible para a elaboración do POD, os datos que se presentan no consello poden ter algún erro. Trasladarase unha queixa á Reitoría polo pouco tempo dispoñible para a elaboración do POD.
- O director presenta unha análise da situación de dedicación base e encargo docente por cada área. Destacan os aumentos de encargos docentes dos centros de Deseño Industrial de Ferrol e de Ciencias da Comunicación, e o importante descenso de horas no PDA da Escola de Camiños. Esta redución está motivada fundamentalmente pola eliminación da docencia das materias non obrigatorias GIOP da especialidade de Hidroloxía con menos de 5 alumnos, das optativas con pouca matriculación ou a redución dalgúns grupos de prácticas, como sucede no Máster Internacional de Enxeñería da Auga.

A continuación, o director resume as propostas enviadas polas distintas áreas ou grupos, que se atopan dispoñibles no cartafol que se compartiu xunto co resto de información para a preparación do POD cos membros do mesmo.

- Área de Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría. Esta é un área con 16 profesores, cun número elevado de interinos e asociados. Teñen un déficit dunhas 800 horas, polo arranque do novo curso o grado Creación Dixital, Animación e Videoxogos no que a área ten que impartir 5 materias a partir de setembro. O director negociou coa Área de Proxectos de Ferrol e a de Enxeñería cartográfica que algunhas materias do Máster en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos

se impartan pola área de Proxectos. A Área de Enxeñería cartográfica solicita unha praza de Profesor Asociado P06 e outra P03. A composición dos tribunais enviouse ao departamento.

- Área de Enxeñería da construción. Este é un área de 15 profesores, sendo a maioría persoal estable. A área ten un déficit aproximado de 365 horas. Ademais, a área previsiblemente terá un déficit adicional polo futuro permiso de maternidade dunha profesora da mesma. Por estes motivos, a Área de Enxeñería da construción solicita unha praza de Profesor Interino a tempo completo e unha praza de Profesor Asociado P06. A composición dos tribunais enviouse ao departamento.
- Área de Enxeñería do terreo. Este é un área con 14 profesores, cun número elevado de doutores e profesores a tempo parcial. A área ten un superávit de unhas 200 horas, provocado pola diminución dos grupos de práctica do Máster de Enxeñería da Auga e as materias do itinerario de Hidroloxía do GEOP. A área non solicita prazas.
- Área de Enxeñería e infraestrutura dos transportes. Este é un área con 8 profesores. A área ten un superávit de unhas 120 horas. A área non solicita prazas.
- Área de Enxeñería hidráulica. Este é un área con 11 profesores, cunha grande variedade de categorías docentes. A área ten un superávit de unhas 560 horas provocado fundamentalmente pola diminución dos grupos das materias do itinerario de Hidroloxía do GEOP. A área non solicita prazas.
- Área de Tecnoloxías do medio ambiente. Este é un área con 4 profesores. A área ten un superávit dunhas 250 horas provocado fundamentalmente pola diminución dos grupos das materias do itinerario de Hidroloxía do GEOP. A área non solicita prazas.
- Área de Proxectos de enxeñería. Este é un área con 13 profesores, na súa maioría asociados e sen doutorado. A área ten un déficit de 131 horas, provocado polo aumento de materias e grupos de prácticas en Deseño Industrial. Este déficit incrementase ata as 286 horas, tras considerar a docencia de materias cedidas pola Área de Enxeñería cartográfica, xeodésica e fotogrametría. A área solicita unha praza de Profesor Interino a tempo completo por procedemento de urxencia, porque deben impartir 5 materias novas en Setembro. A composición dos tribunais enviouse ao departamento.

O director solicita a aprobación do reparto por áreas presentado. A profesora Isabel Martínez indica que se debe aprobar ademais do reparto por áreas, o reparto por materias e profesorado.

A profesora Julia Álvarez solicita que se deben amosar os repartos por profesorado e materia. O director indica que o reparto detallado está dispoñible no cartafol compartido cos membros de departamento, polo que se procede a solicitar a aprobación do POD e das prazas de profesorado solicitadas polas distintas áreas.

Apróbase a proposta por asentimento.

A proposta de perfís e tribunais para as prazas solicitadas recóllense no ANEXO I.

## **5. Proposta de renovación de profesoras/es asociadas/os**

O director realizou varios chamamentos aos membros do departamento para obter a documentación necesaria para a renovación de profesoras/es asociadas/os. Na data de celebración do consello faltan algunhas solicitudes por recibir, polo que se solicita aprobar a renovación de todo o profesorado que envíe a documentación antes do 30 de xuño.

Apróbase a proposta por asentimento.

## **6. Solicitudes de prazas de Axudantes Doutor/a**

Con respecto o programa de selección de áreas de cara a convocatoria de prazas de axudante doutor/a no curso académico 2021/2022 co fin de consolidar o emprego temporal o director indica que chegaron tres solicitudes, unha da área de Enxeñería hidráulica e dúas de Enxeñería do terreo:

- O profesor José Sande presentou a solicitude para a área de Enxeñería hidráulica.
- A profesora Acacia Naves e o profesor Jesús Fernández presentaron solicitudes para a área de Enxeñería do terreo.

O director informa que despois de avaliar as condicións da área de Enxeñería do terreo e a nova normativa, so se pode presentar unha proposta para evitar que a área quede excluída. O criterio de selección debe ser establecido no departamento. Neste senso, o director propón empregar o criterio de maior antigüidade na concesión da acreditación requirida, xa que este criterio é similar ao dos concursos de promoción para as prazas de Profesor Titular e Profesor Catedrático.

O profesor Jorge Delgado pregunta polo criterio empregado no convocatoria do ano anterior. O director indica que a convocatoria do ano anterior era diferente, pero que pensa que a proposta de criterio proposta é razoable.

Apróbase a proposta por asentimento o criterio de selección proposto.

O director indica que con este criterio solicitaranse as propostas do profesor José Sande e a profesora Acacia Naves. Apróbase a proposta por asentimento

## **7. Quenda aberta**

Na quenda aberta de palabras o profesor Ricardo Juncosa volve a preguntar polo criterio de selección na solicitude de prazas e a limitación de solicitudes do punto 6 do orde do día. A profesora Acacia Naves sinala que na convocatoria do ano anterior non existía unha limitación de solicitudes, pero estas se clasificaban por áreas seguindo un baremo no que se analizaba o tipo de acreditación do solicitante, pero que probablemente as horas da área non sexan suficientes para que a praza salga a concurso. O profesor Jesús Fernández sinala que el pensa que a petición da área non prosperará porque non hai horas suficientes, e que o criterio de selección lle parece adecuado.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión ás 11:30 horas e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario

Visto e prace  
O presidente

Jose Anta Álvarez

Francisco Alberto Varela García

**SOLICITUDE DE CONVOCATORIA A CONCURSO DE PRAZAS DE PROFESORADO INTERINO E CONTRATADO**Departamento: ENXEÑARÍA CIVILReunido o Consello de Departamento o día 28 de xuño de 2021, acordou solicitar a convocatoria a concurso da praza que se especifica:Categoría: PROFESOR CONTRATADO INTERINO DE SUBSTITUCIÓNDedicación  TOTAL  PARCIAL P06  PARCIAL P05  PARCIAL P04  PARCIAL P03Área de coñecemento: ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.Centro ao que se adscribe a praza solicitada: ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR

Docencia a impartir:

Código POD	Materia
4529005 / 28	Taller de deseño de videoxogos I / Taller de desenvolvemento de videoxogos
4529011 / 13	Deseño de xogabilidade / Deseño de niveis
4529037	Animación de personaxes

A presente solicitude está fundada nas seguintes razóns:

Asimesmo, aos efectos previstos no apartado 2 do art. 83 dos Estatutos da Universidade, o Consello de Departamento acordou propoñer para formar parte da Comisión de selección aos seguintes membros:

Vogais titulares	Área	Categoría
1º: Antonio José Seoane Nolasco	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Profesor Contratado interino de substitución
2º: Luis Omar Alvarez Mures	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Profesor Contratado interino de substitución
3º: Guillermo Franganillo Parrado	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Profesor Contratado interino de substitución
4º:		
5º:		

Vogais suplentes	Área	Categoría
1º: Viviana Barneche Naya	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	AXUDANTE DOUTOR
2º: Ángel José Fariña Lamosa	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Profesor Contratado interino de substitución
3º: Fátima Davite Aguiar	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Profesor Contratado interino de substitución
4º:		
5º:		

A Coruña, 28 de xuño de 2021

O director do departamento



**SOLICITUDE DE CONVOCATORIA A CONCURSO DE PRAZAS DE PROFESORADO INTERINO E CONTRATADO**

Departamento: ENXEÑARÍA CIVIL

Reunido o Consello de Departamento o día 28 de xuño de 2021, acordou solicitar a convocatoria a concurso da praza que se especifica:

Categoría: PROFESOR CONTRATADO INTERINO DE SUBSTITUCIÓN

Dedicación  TOTAL  PARCIAL P06  PARCIAL P05  PARCIAL P04  PARCIAL P03

Área de coñecemento: ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.

Centro ao que se adscribe a praza solicitada: FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN

Docencia a impartir:

Código POD	Materia
616G01037 / 44	Videoxogos / Interacción 3D
616G02018 / 20	Animación 1 / Animación de personaxes
616G02040 / 42	Desenvolvemento de videoxogos 2 / Proxecto de videoxogo

A presente solicitude está fundada nas seguintes razóns:

Asimesmo, aos efectos previstos no apartado 2 do art. 83 dos Estatutos da Universidade, o Consello de Departamento acordou propoñer para formar parte da Comisión de selección aos seguintes membros:

Vogais titulares	Área	Categoría
1º: Francisco Javier Taibo Pena	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	PROFESOR CONTRATADO DOUTOR
2º: Mª del Rocío Mihura López	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	PROFESOR COLABORADOR
3º: Fátima Davite Aguiar	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Profesor Contratado interino de substitución
4º:		
5º:		

Vogais suplentes	Área	Categoría
1º: Antonio José Seoane Nolasco	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Profesor Contratado interino de substitución
2º: Viviana Barneche Naya	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	AXUDANTE DOUTOR
3º: Ángel José Fariña Lamosa	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAM.	Profesor Contratado interino de substitución
4º:		
5º:		

A Coruña, 28 de xuño de 2021

O director do departamento

**SOLICITUDE DE CONVOCATORIA A CONCURSO DE PRAZAS DE PROFESORADO INTERINO E CONTRATADO**Departamento: ENXEÑARÍA CIVILReunido o Consello de Departamento o día 28 de xuño de 2021, acordou solicitar a convocatoria a concurso da praza que se especifica:Categoría: PROFESOR CONTRATADO INTERINO DE SUBSTITUCIÓNDedicación  TOTAL  PARCIAL P06  PARCIAL P05  PARCIAL P04  PARCIAL P03Área de coñecemento: ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓNCentro ao que se adscribe a praza solicitada: E. U. DE ARQUITECTURA TÉCNICA

Docencia a impartir:

Código POD	Materia
670G01024	Instalacións II
4526012	Técnicas de montaxe e integración dos sistemas de enerxía renovables

A presente solicitude está fundada nas seguintes razóns:

**Baixa por maternidade de Gumersinda Seara Paz**

Asimesmo, aos efectos previstos no apartado 2 do art. 83 dos Estatutos da Universidade, o Consello de Departamento acordou propoñer para formar parte da Comisión de selección aos seguintes membros:

Vogais titulares	Área	Categoría
1º: Fernando Martínez Abella	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE
2º: Gumersinda Seara Paz	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
3º: Juan Luis Pérez Ordóñez	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
4º:		
5º:		

Vogais suplentes	Área	Categoría
1º: José Antonio Alvarez Díaz	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	PROFESOR ASOCIADO
2º: María Belén González Fonteboa	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE
3º: Diego Carro López	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
4º:		
5º:		

A Coruña, 28 de xuño de 2021

O director do departamento

**SOLICITUDE DE CONVOCATORIA A CONCURSO DE PRAZAS DE PROFESORADO INTERINO E CONTRATADO**

Departamento: ENXEÑARÍA CIVIL

Reunido o Consello de Departamento o día 28 de xuño de 2021, acordou solicitar a convocatoria a concurso da praza que se especifica:

Categoría: PROFESOR CONTRATADO INTERINO DE SUBSTITUCIÓN

Dedicación  TOTAL  PARCIAL P06  PARCIAL P05  PARCIAL P04  PARCIAL P03

Área de coñecemento: ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN

Centro ao que se adscribe a praza solicitada: E.T.S. DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS

Docencia a impartir:

Código POD	Materia
632G01024	Construción
632G02030	Formigón estrutural, edificación e prefabricación II
4514012/14	Estruturas de formigón/Edificación. Rehabilitación de estruturas

A presente solicitude está fundada nas seguintes razóns:

Asimesmo, aos efectos previstos no apartado 2 do art. 83 dos Estatutos da Universidade, o Consello de Departamento acordou propoñer para formar parte da Comisión de selección aos seguintes membros:

Vogais titulares	Área	Categoría
1º: Fernando Martínez Abella	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE
2º: María Belén González Fonteboa	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	CATEDRÁTICO DE UNIVERSIDADE
3º: Manuel Francisco Herrador Barrios	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
4º:		
5º:		

Vogais suplentes	Área	Categoría
1º: Diego Carro López	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
2º: Gumersinda Seara Paz	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
3º: Javier Eiras López	ENXEÑARÍA DA CONSTRUCIÓN	PROFESOR TITULAR DE UNIVERSIDADE
4º:		
5º:		

A Coruña, 28 de xuño de 2021

O director do departamento

**SOLICITUDE DE CONVOCATORIA A CONCURSO DE PRAZAS DE PROFESORADO INTERINO E CONTRATADO**

Departamento: ENXEÑARÍA CIVIL

Reunido o Consello de Departamento o día 28 de xuño de 2021, acordou solicitar a convocatoria a concurso da praza que se especifica:

Categoría: PROFESOR CONTRATADO INTERINO DE SUBSTITUCIÓN

Dedicación  TOTAL  PARCIAL P06  PARCIAL P05  PARCIAL P04  PARCIAL P03

Área de coñecemento: PROXECTOS DE ENXEÑARÍA

Centro ao que se adscribe a praza solicitada: E.U. DE DESEÑO INDUSTRIAL

Docencia a impartir:

Código POD	Materia
4529006/16	Modelaxe e animación 3D para videoxogos I/Modelaxe e animación 3D para videoxogos II
4529035/36	Modelado de personaxes I / Modelado de personaxes II
771G01026/27	Proxectos de deseño III / Proxecto fin de grado Deseño Industrial

A presente solicitude está fundada nas seguintes razóns:

Asimesmo, aos efectos previstos no apartado 2 do art. 83 dos Estatutos da Universidade, o Consello de Departamento acordou propoñer para formar parte da Comisión de selección aos seguintes membros:

Vogais titulares	Área	Categoría
1º: Juan Solozábal Basáñez	PROXECTOS DE ENXEÑARÍA	PROFESOR TITULAR DE E.U.
2º: Cristina Prado Acebo	PROXECTOS DE ENXEÑARÍA	Profesor Contratado interino de substitución
3º: Antonio José Seoane Nolasco	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAF.	Profesor Contratado interino de substitución
4º:		
5º:		

Vogais suplentes	Área	Categoría
1º: Áhitor Regueiro Fernández	PROXECTOS DE ENXEÑARÍA	Profesor Contratado interino de substitución
2º: María del Rocío Mihura López	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAF.	PROFESOR COLABORADOR
3º: Viviana Barneche Naya	ENXEÑARÍA CARTOGRÁFICA, XEODÉSICA E FOTOGRAF.	AXUDANTE DOUTOR
4º:		
5º:		

A Coruña, 28 de xuño de 2021

O director do departamento